



3ª AVALIACIÓN

COMENTARIO DE TEXTO HISTÓRICO OBRIGATORIO.

(10% DA CUALIFICACIÓN FINAL)

DATA DE ENTREGA: 4 - IV - 2026

Realiza un comentario deste texto histórico atendendo aos seguintes criterios:

- Identificación do tema.
- Contextualización do documento.
- Comentario do proceso histórico/tema que se reflicte no documento.

DOCUMENTO . MANIFESTO CONTRA A GUERRA EMITIDO POLO PARTIDO SOCIALISTA O 28 DE XUÑO DE 1909.

O goberno obrigado por compromisos internacionais que a nación descoñece, ou movido polo afán de amparar os intereses duns cuantos plutócratas, resolveu enviar a Marrocos 20.000 homes [...]. Tal enormidade, incrementada pola tremenda inxustiza de que á guerra vaian soamente os fillos dos pobres, os que non puideron librarse da contribución de sangue por carecer de 1.500 pesetas, non debe ser consentida pola clase obreira [...]. Por outra banda, a clase obreira, que loita hoxe non xa por mellorar a súa sorte, senón tamén por emanciparse e emancipar a todos os homes, ten un alto interese en que o militarismo non alcance no noso país maior preponderancia da que ten, e seguramente alcanzaría se se realizase unha campaña guerreira en Marrocos.